

Do 9 ao 15 novembro 2006

Obradoiro de artistas
PAISAXE SONORA DE VIGO
www.escoitar.org

MARCO
MUSEO DE ARTE CONTEMPORÁNEA DE VIGO

Actividade complementaria da exposición **A MOSTRA INVISIBLE**



Coordinación: **Chiu Longina**

Poñentes: **Horacio González, Juan Gil, Berio Molina, Julio Gómez e Chiu Longina**

Previa [inscripción e matrícula](#)

Dentro da programación do **MARCO de Vigo** para os vindeiros meses, o son é un dos protagonistas. Ademais da exposición **A MOSTRA INVISIBLE** –unha colectiva cunha selección de obras sonoras de artistas clásicos contemporáneos que ocupa as salas da planta baixa– e como actividade complementaria da mesma, o museo acolle o obradoiro **PAISAXE SONORA DE VIGO**, incluído na xira do proxecto **Escoitar.org** por varias cidades de Galicia, co obxectivo de capturar o que chaman “**Paseos sonoros polas cidades galegas**”.

Destinatarios:

Artistas, músicos, técnicos de son, programadores informáticos, estudantes de belas artes, teatro, artes escénicas e disciplinas afíns, e en xeral persoas interesadas en aprender a escoitar e desenvolver proxectos de creación sonora ou sonorización de obra plástica. Non son necesarios coñecementos previos nestes eidos.

O número de prazas está limitado a **20 participantes**.

Lugar: sala perimetral B1, no primeiro andar

Prezo: 60 € (40 € para estudantes e Amigos MARCO, previa acreditación)

Calendario e horarios:

- **Sesións do obradoiro**

O obradoiro ten unha duración de 7 días, do xoves 9 ao mércores 15 de novembro, en horario de 16.30 a 20.30, organizados en:

- Sesións teóricas: xoves 9, venres 10, luns 13, martes 14 e mércores 15 de novembro
- Traballo de campo: sábado 11 e domingo 12 de novembro

[NOTA: as sesións teóricas do luns 13 e do martes 14, a cargo de Julio Alonso e de Juan Gil, respectivamente, terán lugar no salón de actos e estarán abertas ao público en xeral]

- **Presentación de resultados**

Unha vez finalizado o obradoiro, o xoves 16 de novembro terá lugar unha presentación pública dos resultados, coincidindo coas xornadas de portas abertas da Festa Aniversario "4xMARCO".

Inscrición e matrícula:

Fase 1: solicitude de inscrición

Do 18 de outubro ao 3 de novembro de 2006, cumprimentando e enviando a ficha de solicitude de inscrición:

- Por correo postal:
A/A Departamento de Comunicación
Ref.: PAISAXES SONORAS
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Príncipe 54
36202 Vigo
- Por fax: 986 113901
- Por correo-e: info@marcovigo.com

O número de prazas está limitado a **20 participantes**

Fase 2: proceso de selección e matrícula

Entre todas as solicitudes recibidas realizarase unha selección de 20 participantes. Se ben o obradoiro estará aberto a calquera persoa interesada, nesta selección terase en conta:

- adaptación do perfil persoal/profesional do participante aos contidos e obxectivos do taller
- coñecementos mínimos no manexo de programas informáticos e sistemas operativos

Finalizado o proceso de selección, a partir do día 3 de novembro o MARCO comunicará o resultado a cada un dos solicitantes, para que as persoas seleccionadas podan formalizar a matrícula.

Ao rematar o taller cada participante recibirá un diploma acreditativo.

Contidos

A obsesión occidental por favorecer os aspectos visuais da cultura provocou o menosprezo doutras capacidades perceptivas, como o oído, relegando a un segundo plano aquelas experiencias existenciais consideradas menos significativas, en gran parte, polo seu carácter efémero. No século XX asistimos a un crecente interese polo fenómeno sonoro mais alá da música e da física acústica, no que os sons medioambientais revélanse como un interesante obxecto de estudo interdisciplinario (antropoloxía, ecoloxía sonora, bioacústica, ciencias cognitivas, arquitectura, creación artística...) Ben sexan naturais ou unha construción produto do funcionamento das sociedades modernas, os sons que nos rodean forman parte inevitable das nosas vidas e da nosa memoria colectiva, presentándose como un material inestimable para a comprensión das culturas e as sociedades que os producen, os utilizan ou os perciben. Por esta razón, a actitude dun lugar cara ao son non só debe ser positiva, senon que se debe estudar para identificar aqueles compoñentes que paga a pena conservar, ou mesmo restaurar. Unha aproximación ao son dun lugar é un achegamento ao seu patrimonio inmaterial, que se pode recoller con fins estritamente documentais, ou –no caso de Escoitar.org, o proxecto co que se traballará neste obradoiro– como materia bruta para a posterior análise cultural, para a creación artística e para suscitar debate e cooperación na rede.

Os sons son materias non renovables e o feito de capturalos e expoñelos supón un alongamento da súa vida, xerando novos espazos vivos e mutantes. Percibir, comprender e concebir a nosa identidade sonora, a dos nosos lugares, a súa coherencia e a súa idiosincrasia é un exercicio necesario e saudable. Atopar o equilibrio bioacústico dun lugar, crear retratos ou "Postais Sonoras", construír un mapa de situación (*online*) e unha descripción destes lugares a través da súa paisaxe sonora, contribúe á construción da identidade dunha zona xeográfica; o son como patrimonio, o son como documento histórico. Todo grazas ás posibilidades que ofrece a rede como sistema horizontal e democrático. Con este fin desenvolveuse un software adicado á publicación libre de paisaxes sonoras (*Social Soundscapes*) que permite participar a calquera usuario, subir audio ao sistema e colocalo automaticamente no lugar xeográfico no que foi gravado (o patrimonio sonoro consensuado). Neste obradoiro explicarase o proceso de construción de Escoitar.org, un proxecto libre, colaborativo e aberto baseado na API de Google-Map.

Obxectivos e metodoloxía

O principal obxectivo é a introducción do participante no mundo da Arte Sonora, concretamente na disciplina Paisaxe Sonora. Para iso utilizaranse proxeccións e audicións dos principais traballos e proxectos neste eido ao longo da historia. Falarase dos protagonistas e do actual debate arredor do son como documento histórico, símbolo de identidade e materia prima no traballo plástico.

Preténdese que os participantes sexan capaces de afrontar un proxecto baseado na gravación e edición orixinal de audio. Aprenderán os principios da dixitalización do audio e o procesado posterior, así como a montaxe final nun soporte físico e nun soporte virtual como a Web (publicaranse as paisaxes de Vigo no proxecto aberto e colaborativo Escoitar.org). Incidirase tamén nas posibilidades do audio como "material" de traballo para o artista introducíndose nas diferentes posibilidades de mostralo: a instalación sonora e os servidores de audio por streaming (en internet). Outro dos obxetivos é mostrar un retrato sonoro (instalación en Surround 5.1 ou Cadrafonía) da personalidade da cidade de Vigo, das súas xentes e do seu "ruído"; a Paisaxe Sonora de Vigo. Todo elo con ferramentas e materiais libres de dereitos (Linux Audio).

Programa

Teoría:

- Iniciación á Paisaxe Sonora, dende o punto de vista etnográfico e artístico [Chiu Longina e Juan Gil]
- Percorrido pola historia e a actualidade dos proxectos de Paisaxe Sonora internacionais [Chiu Longina]
- Audio-conferencias: exemplos sonoros doutros proxectos similares e da Arte Sonora como disciplina [Julio Gómez]

Práctica:

- Gravacións de campo e tratamento informático do son (softwares varios, todos libres) [Berio Molina]
- Proceso de construción do sistema web aberto e colaborativo para a publicación de son: Escoitar.org. [Horacio González]
- Creación dunha Instalación Sonora –‘Paseo sonoro pola cidade’– para a súa exhibición pública ao remate do obradoiro [Chiu Longina, Juan Gil, Julio Gómez, Berio Molina e os participantes no Obradoiro]

Notas biográficas dos ponentes


Chiu Longina: Antropólogo (UCM) e artista sonoro. Estudos de musicoloxía na Universidade da Rioxa. Cofundador do colectivo SINSALaudio de Vigo, membro da Comunidade Alg-a, membro do equipo de desenvolvemento do proxecto de Paisaxe Sonora en Galicia Escoitar.org, co-editor da publicación online “mediateletipos.net” e coordinador do portal de Arte Sonora *artesonoro.org*.

Horacio González: Licenciado en Belas Artes, programador e coordinador do Festival de Arte Sonora IFI (Facultade de Belas Artes de Pontevedra), membro do equipo de desenvolvemento do proxecto de Paisaxe Sonora en Galicia Escoitar.org.

Juan Gil: Musicólogo. Membro do equipo de desenvolvemento do proxecto de Paisaxe Sonora en Galicia Escoitar.org. Desenvolveu diversas investigacións no campo da etnomusicoloxía, a música popular urbana, e a música contemporánea. Nos últimos anos traballou no ámbito interdisciplinar da música e as artes plásticas –Espacio Permeable. Crítico musical en publicacións como *Mundo Clásico* e *La Opinión*. Participou nos proxectos de investigación *100 años de la Biblioteca América* (Vicerreitorado de Cultura e Servizos á Comunidade Universitaria, USC) e *Raíces musicales* (Secretaría de Ciencia y Técnica y Posgrado de la Universidad Nacional de Cuyo, Mendoza, Argentina).

Berio Molina: Artista sonoro. Membro da Comunidade Alg-a, membro do equipo de desenvolvemento do proxecto de Paisaxe Sonora de Galicia Escoitar.org, foi membro do colectivo de performances Flexo dende 1999 ata 2004 e membro do equipo de produción do festival IFI nos anos 2002, 2003 e 2004.

Julio Gómez: coordinador do colectivo SINSALaudio e xerente-programador do Clube Vademecwm, ámbolos dous de Vigo.



SOLICITUDE DE INSCRIPCIÓN
Do 18 de outubro ao 3 de novembro de 2006

O cumprimentado desde impreso é imprescindible para a súa inscrición no taller.

O número de prazas está limitado a 20 participantes. Unha vez rematado o proceso de selección, a partir do día 3 de novembro, o MARCO comunicará o resultado a cada un dos solicitantes, para que as persoas seleccionadas podan formalizar a matrícula.

Prégase entregar esta solicitude directamente no despacho de billetes do MARCO, ou ben enviar a solicitude:

A/A Departamento de Comunicación
Ref.: PAISAXES SONORAS

- Por correo postal:
MARCO, Museo de Arte Contemporánea de Vigo
Príncipe 54
36202 Vigo
- Por fax: 986 113901
- Por correo-e: info@marcovigo.com

A solicitude de inscrición irá acompañada da seguinte documentación:

- Fotocopia do D.N.I.
- Breve texto (6/8 liñas) de motivación para facer o curso
- CV ou dossier da actividade artística (se procede)
- Fotocopia do carné de estudante (se procede)

DATOS DA PERSOA INTERESADA

(POR FAVOR CUMPRIMENTE TODOS OS DATOS E UTILICE LETRAS DE IMPRENTA)

1º apelido	2º apelido	
Nome	DNI	
Tel	E-mail	
Rúa	Nº	Andar
C.P.	Cidade	Provincia
Profesión/ocupación:		
¿Dispoñes ou poderías dispoñer dun ordenador portátil durante os días do obradoiro? <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON		
Amigo/a MARCO: <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON Estudiante: <input type="checkbox"/> SÍ <input type="checkbox"/> NON		
Modalidade de matrícula:		
<input type="checkbox"/> 60 € Para público en xeral		
<input type="checkbox"/> 40 € Para estudantes ou membros da Agrupación de Amigos do MARCO		

Vigo, a de de 2006

Sinatura do/a interesado/a: